

# OUTONO CULTURAL

Arteixo / Cultura  
2023



**Venres 6 de outubro / 20:30 h**

**Auditorio CCC Arteixo**

**Esas cousas maravillosas** de Empatía Teatro

**Teatro / Comedia** - Público adulto (+12 anos)

Duración: 60 minutos - Con entrada: 3 € e 2,25 €


*Esas cousas maravillosas* esgotou as entradas durante tres anos consecutivos no Festival de Edimburgo. Foi representado en Londres, Nova York, Bruxelas, San Xoán de Porto Rico, Maryland, Oregon, Canadá chegando a ser éxito rotundo tamén en Madrid e Barcelona. En Galicia estréase en marzo de 2022 da man de Empatía Teatro.

É unha peza participativa, tenra, emocionante e divertida; unha comedia que fala sobre a saúde mental, a depresión e o suicidio; unha obra que pode cambiarche a vida... e para ben.

Autor: Duncan MacMillan

Dirección e adaptación: Avelino González

Elenco: Elisardo de la Cruz García



**Obra programada arredor do Día Mundial da Saúde Mental, que se celebra o 10 de outubro**

**Luns 9 de outubro / 12:00 h / Función escolar**

**Auditorio CCC Arteixo**

**Soños** de Artefeito

**Teatro / Drama** - Público xuvenil (+14 anos)

Duración: 60 minutos

*Soños* é a primeira obra teatral galega que trata a situación da mocidade tutelada dun xeito integral. Un espectáculo divertido, ameno e sorprendente, pero tamén cunha gran forza social. Soños amósanos a realidade da mocidade en risco de exclusión: o seu contexto, as súas aspiracións e os seus medos. Este espectáculo está creado pola unión de Artefeito con Igaxes, entidade especializada no traballo con menores en risco de exclusión, e con Culturactiva.



Autor: Fernando Epelde

Dirección: Tamara Canosa

Elenco: Victoria Pérez, Anxo Outumuro, Sara Ferro





**Venres 13 de outubro / 20:30 h**

**Auditorio CCC Arteixo**

**Solo** de Roi Borrallas

**Teatro / Monicreques** - Todos os públicos

Duración: 45 minutos - Con entrada: 4 € e 3 €

Pasen e vexan a trastenda deste artista, as súas ideas e tolemias. Vexan como se defende da soidade e a rutina con imaxinación e humor. Pasen e vexan o que ninguén ve. Unha persoa ante si mesma. Un actor sen público, un pallaso cando ninguén o observa.

Dirección: Joan Cot

Autor, adaptación e elenco: Roi Borrallas

**Venres 20 de outubro / 20:00 h**

**Auditorio CCC Arteixo**

**Dúo Vaguedades** de Artefeito

**Teatro / Música / Comedia**

Público adulto

Duración: 60 minutos - Con invitación

XXII Feira Histórica Arteixo 1900

Pouca xente sabe que, a mediados do século XIX, Rosalía de Castro e Eduardo Pondal formaron un dúo musical, o *Dúo Vaguedades*, que acadou grande éxito nas festas, foliadas e romarías do país. Até hoxe, non existían rexistros desta actividade paralela dos poetas do Rexurdimento, mais o achado dunhas gravacións inéditas sacan á luz este fito insólito da nosa cultura. O espectáculo ofrece varios temas musicais cantados en rigoroso directo, mesturados con escenas cómicas sobre o noso xeito de ser, de falar e de relacionármonos entre nós mesmos/as e co resto da humanidade.

Dirección e elenco: Fran Rei  
e Isabel Risco





**Sábado 21 de outubro / 18:30 h**

Patio do Balneario

**Abracadaver** de AsSircópatas

**Circo / Comedia** - Todos os públicos

Duración: 45 minutos

XXII Feira Histórica Arteixo 1900

Espectáculo de circo terroríficamente divertido; unha terapia de choque para partirse de risa e desfacerse dos medos. A través de Rogelio, un entrañable personaxe de ficción ao que dá vida o actor Dani Blanco, AsSircópatas preséntannos esta delirante proposta chea de sustos e bo humor. Clown, malabares, escapismo, rulo, acordeón, serrucho... todo á disposición dun actor preparado para levar a cabo o seu Abracadaver...

Dirección: Natalia Outeiro "Pajarito"

Elenco: Dani Blanco



**Domingo 22 de outubro / 12:00 h**

**"Cova céltica"** (terraza cafetería CCC Arteixo)

**A lingoreiteira** de Xarope Tulú

**Narración oral / Música**

Público infantil (+3 anos)

Duración: 45 minutos

XXII Feira Histórica Arteixo 1900

Esa é unha lingoreiteira- dicían. O que non sabían era que grazas a ela algunhas das historias que vos imos contar chegaron ata hoxe. Esta sesión de contos é unha homenaxe á lingoreiteira que hai en nós, a esa parte nosa que permite que a palabra e a oralidade non morran de todo. Achegádevos que imos botar a lingua a pacer!

Creación e elenco: Atenea García e Nicolás Zamorano

# Arteixo / Cultura



**Domingo 22 de outubro / 17:00 h**

Patio do Balneario

**As palabras perdidas** de Inventi Teatro  
Teatro / Comedia - Público infantil (+4 anos)

Duración: 45 minutos

XXII Feira Histórica Arteixo 1900

A Condesa Colorada e o seu axudante Leocadiof son viaxeiros chegados dende moi lonxe. A Condesa, unha coñecida contadora con fama internacional, dispónse a narrar o seu relato preferido cando cae na conta de que o seu conto está cheo de buracos. Faltan palabras moi importantes como “ganapán”, “vagalume” ou “verme”. As palabras fuxiron da historia, borradas por falta de uso. Só utilizándoas de novo volverán ao conto.

Dirección e dramaturxia: Bea Campos

Elenco: Bea Campos e Marcos Alonso



**Domingo 22 de outubro / 18:30 h**

Anfiteatro

**Espera** de Eia Compañía de Circo

Teatro / Circo - Todos os públicos

Duración: 45 minutos

XXII Feira Histórica Arteixo 1900



Espera é un espectáculo de circo participativo onde o público se ve envolto, dunha maneira sensible e moi sutil, nunha atmosfera que o transporta a un lugar fóra do tempo, feito de xestos simples. Os acróbatas convértense en artesáns do movemento entre paisaxes perdidas, cheas de xestos humanos e encontros sinceros.

Idea orixinal, dirección e  
elenco: Francesca Lissia  
e Celso Pereira

**Premio ao mellor espectáculo**  
**TAC Valladolid 2021**



**Venres 27 de outubro / 20:00 h**

Auditorio CCC Arteixo

**Nina Ninette** de Paula Quintás

**Teatro / Danza contemporánea** - Público infantil (+ 3 anos)

Duración: 55 minutos - Con entrada: 4 € e 3 €

Nina, valente e alegre a partes iguais chega a descubrir un mundo fantástico, habitado por seres máxicos, poderosos e divertidos. Todo é tan diferente, tan brillante, tan fermoso! Mais Nina sente a falta do seu fogar e decide marchar pero atópase nun labirinto no que é moi doado entrar pero ben complicado sair. Será quen de conseguilo?

Dirección e autora: María Torres

Coreografía: Marta Alonso Tejada e Paula Quintas

Elenco: Marta Alonso Tejada, Paula Quintas e Carlota Mosquera



**Venres 3 de novembro / 20:30 h**

Auditorio CCC Arteixo

**Degustación de imposibles**

de Joshua Kenneth

**Maxia** - Todos os públicos

Duración: 70 minutos - Con entrada: 3 € e 2,25 €

O ilusionista guiri-galego Joshua Kenneth ofrece unha selección de imposibles onde a realidade do público distorsiónase con impactantes elementos visuais e poéticos como as pompas de xabón, os panos de seda ou as sombras chinesas. Unha experiencia interactiva, divertida e artística que deleita ao espectador invitándoo a entrar nun mundo onde todo se presenta susceptible a ser transformado, onde nada é imposible. Atrévete!



**Sábado 4 de novembro / 20:00 h**

**Auditorio CCC Arteixo**

**Unicorn wars** Ciclo Mestre Mateo

**Cine / Longametraxe de animación**

Público adulto (+16 anos)

Duración: 92 minutos - Con invitación

O exército osiño adoutrina a xoves recrutas para a guerra que libran contra os unicornios e ameaza a seguridade do pobo osiño. Os irmáns Azulín e Gordi, xunto a un inexperto grupo de recrutas, serán enviados a unha perigosa misión para salvar o Bosque Máxico. Estarán os osiños preparados para iso?

Dirección e guión: Alberto Vázquez

**Mellor Longametraxe de animación nos XXI Premios Mestre Mateo**



**Venres 10 de novembro / 20:30 h**

**Auditorio CCC Arteixo**

**O auto do Castromil**

de Producións Teatrais Excéntricas

**Teatro / Comedia** - Público adulto


Duración: 90 minutos - Con entrada: 4 € e 3 €


Viaxe onírica abordo dun coche de liña pola Galiza inconsciente. Os/as viaxeiros/as dormen e tal vez o condutor. As maletas e demais bagaxes cobran vida e combaten a nosa amnesia conxénita usando autos populares e farsas de Manuel María. Nelas aparece a historia alucinada dun pobo que loita, é derrotado, volve levantar a cabeza e rebelarse de novo. Unha rebelión na que, ás veces, non temos máis armas que o humor e o espírito antroidesco.

Autor e dirección: Quico Cadaval

Elenco: Rocío González, Víctor Mosqueira, Marcos Orsi e Patricia Vázquez

**Espectáculo gañador do III Concurso de Proxectos da Fundación Manuel María co apoio de máis de 40 concellos e institucións de Galicia**





**Sábado 11 de novembro / 20:00 h**

**Auditorio CCC Arteixo**

**A foreign song** Ciclo Mestre Mateo

**Cine / Documental** - Público adulto (+12 anos)

Duración: 82 minutos - Con invitación

Traballou nunha compañía de seguros durante 40 anos. Todos os días erguíase ás 6 e deitábase ás 9. Ninguén diría que este home de vida ordinaria e aburrida é o autor dunha das obras poéticas máis singulares do século XX. Cando se lle pediu unha reseña biográfica para presentar a súa obra, o poeta modernista estadounidense Wallace Stevens negouse a escribirla. Cría profundamente que a poesía non é persoal e que a voz que estaba detrás dos seus poemas era en realidade a voz dun Outro.

Dirección: César Souto Vilanova

**Finalista ao mellor documental, dirección de fotografía e dirección de produción nos XXI Premios Mestre Mateo**

**Mércores 15 de novembro / 18:30 h**

**Auditorio CCC Arteixo**

**Brilla brilla** de Trémola Teatro

**Teatro / Monicreques** - Para bebés (6 meses-4 anos)


Duración: 30 minutos - Con invitación/aforo limitado

A estreliña Vela está moi triste porque aínda non aprendeu a brillar, pero grazas á axuda da súa amiga Lyra e do montón de cousas divertidas que lle levou para xogar, poderán conseguir que Vela brille por fin?

*Brilla Brilla* é una obra de teatro sensorial para bebés que lles fará aprender valores tan importantes como é compartir.

Autor/dirección: Trémola Teatro

Elenco: Paula Regueiro e Lucía L. Golán





**Venres 17 de novembro / 20:30 h / Auditorio CCC Arteixo**

**Unha inimiga do pobo** de Talía Teatro

**Teatro / Drama** - Público adulto

Duración: 90 minutos - Con entrada: 6 € e 4 €

Helena é unha doutora de prestixio internacional que regresa á vila natal para comezar unha nova etapa. Embarazada de cinco meses, afronta o seu novo estado coa ilusión por un novo proxecto profesional co balneario que ela mesma deseñou e que se presenta como unha alternativa turística sostible e saudable. A inesperada contaminación das augas da zona e a súa loita por preservar a saúde da poboación fronte aos intereses económicos van colocala no punto de mira da veciñanza que ve como se pon en risco a prosperidade para toda a comunidade.

Autor: Henrik Ibsen

Adaptación: Vanesa Sotelo e Tito Asorey

Dirección: Tito Asorey

Elenco: Marta Lado, Toño Casais, Dani Trillo, Rubén Prieto, Marta Ríos, María Ordóñez, Diego Rey, Artur Trillo e Xurxo Barcala



**Sábado 18 de novembro / 20:00 h**

**Auditorio CCC Arteixo**

**O corpo aberto** Ciclo Mestre Mateo

**Cine / Longametraxe** - Público adulto (+16 anos)

Duración: 90 minutos - Con invitación

1909. Miguel, un mestre novo, é destinado a unha pequena vila de montaña na fronteira entre España e Portugal: Lobosandaus, unha aldea inhóspita e de tradicións ancestrais. É un home de razón pero conforme se achega o inverno, sente como a escuridade se apodera de todo ao seu redor á vez que crece a súa fascinación pola enigmática Dorinda. Nun lugar dominado pola superstición, a estraña morte dun veciño da aldea libera un espírito en busca dun corpo que lle permita seguir coa súa existencia, que levará a Miguel a cuestionar os límites entre o mundo dos vivos e o dos mortos.

Dirección: Ángeles Huerta

Elenco: Tamar Novas, Victoria Guerra, María Vázquez, Federico Pérez, Nico Elkser, Elena Seijo, Miquel Ínsua, Izan González

**Premio ao mellor longametraxe nos XXI Premios Mestre Mateo**



**Venres 24 de novembro / 20:30 h**

Auditorio CCC Arteixo

**Alma de Tigre** de Elefante Elegante

Teatro / Xestual - Público adulto

Duración: 70 minutos - Con entrada: 4 € e 3 €

*Alma de Tigre* evoca a historia dunha familia pechada nunha casa ruínosa a través de cuxas fendas vanse filtrando os segredos do pasado e dunha herdanza envelenada. Á morte da nai, as dúas fillas reencóntranse para decidir a súa venda e que facer coa herdanza. Mais a casa resístese a deixalas marchar.

Autor e dirección: Gonçalo Guerreiro

Elenco: María Torres, Julia Laport, Pablo Sánchez e Mario Rodríguez



**Venres 1 de decembro / 20:30 h**

Auditorio CCC Arteixo

**A pousada da pantasma coxa** de AC Faíscas

Teatro / Comedia - Todos os públicos (+12 anos)

Duración: 75 minutos - Con invitación

Mariquiña e Teresiña son dúas camareiras de piso que traballan nun pequeno hotel propiedade de dona Sabela. O establecemento ten moitos problemas para facer fronte ás débedas e para atraer clientela, e non ter que pechar, ofertan o lugar como

encantado por unha pantasma coxa que aparece polas noites. Mentres, tratan de resolver un enigma deixado no testamento polo defunto marido de Sabela, a casa pasa por divertidas situacións entre familiares e hóspedes.

Autora: Marina de Mary

Dirección: Xavier Ramilo

Elenco: María Dubra, Charo Dubra, Maruja Rama, María José Gutiérrez, Paz Murias, Ofelia Castro, Ana Traba, Maribel González, Eva Rodríguez

**Venres 15 de decembro / 11:30 h**

Función escolar / Auditorio CCC Arteixo

**Kyoki** de Elefante Elegante

Teatro / Xestual - Público infantil (+3 anos)

Duración: 45 minutos

KYOKI significa “demencia” en xaponés e refírese a unha alteración da capacidade para recordar, pensar ou tomar decisións. É certo que adoita verificarse en persoas de idade avanzada, mais... quen nunca se esqueceu onde colocou a caixa das galletas, por distracción vestiu o xerse de revés ou saíu de casa atrasado para o cole sen peitear o cabelo? KYOKI trata a temática da memoria, da vellez, da demencia e da soidade.

Autor: Gonçalo Guerreiro e María Torres

Dirección: Gonçalo Guerreiro

Elenco: María Torres e Mario Rodríguez



## EXPOSICIÓNS no CCC de Arteixo

Do 13 ao 22 de outubro

Exposición de fotografías antigas da Asociación de Pensionistas e Xubilados de Arteixo

Exposición de literatos/as galegos/as

Do 21 de novembro ao 17 de decembro

Exposición XVI Premio Internacional Jesús Núñez de Arte Gráfica da Deputación da Coruña

### A Concellaría de Cultura do Concello de Arteixo lémbrales que:

1. Unha vez comezada a función pode restrinxirse o acceso á sala, polo que se prega a máxima puntualidade.
2. **Non se permite o consumo de alimentos e bebidas no interior da sala.**
3. Os carros, paraugas, triciclos, etc. deberán permanecer fóra da sala.
4. **As alarmas e os teléfonos móbiles deben desconectarse antes de entrar na sala.**
5. Para realizar gravacións e tomar fotografías deberán obter permiso previo da organización.
6. Cada espectáculo está pensado para unhas idades preferentes que recomendan as propias compañías polo que **en espectáculos infantís ou para todos os públicos os menores de 12 anos sempre estarán acompañados por un adulto**, que aboará a entrada correspondente, se é o caso, independentemente de se ocupa butaca ou non. **Só se autorizará a entrada de bebés nos espectáculos especificamente programados para eles.**
7. En espectáculos para adultos só se permitirá a entrada a menores se están acompañados por un adulto responsable dos seus

comportamentos e dos posibles contidos inapropiados que poidan estar vendo, polo que a Concellaría de Cultura declina neles toda a responsabilidade sobre estes temas.

8. Esta programación poderá sufrir variacións se as circunstancias o aconsellan. Os espectáculos estarán suxeitos ao **aboamento de entrada ou á recollida de invitación**. Non poderá acceder ao recinto ninguén sen entrada ou sen invitación para poder computar o aforamento efectivo por razóns de seguridade. O aforamento é único e computase por persoas e non por butacas ocupadas.

### ENTRADAS / INVITACIÓNS

#### VENDA DE ENTRADAS:

Online ou o día da función en horario de 11:30 a 13:30 h e 2 horas antes do seu comezo na Billeteira do CCC de Arteixo, até completar a capacidade da sala. O nº máximo de entradas limitarase a 5 por persoa.

O dereito á redución deberá acreditarse documentalmentemente (ordenanza fiscal nº 34)

#### DISTRIBUCIÓN DE INVITACIÓNS:

Online ou 1 hora antes da función na Billeteira do CCC de Arteixo até completar a capacidade da sala. O nº de invitacións limitarase a 5 por persoa.

#### +INFO

SM de Cultura  
Centro Cívico Cultural de Arteixo  
Paseo fluvial, s/n  
981 659 100  
[cultura@arteixo.org](mailto:cultura@arteixo.org)  
[www.arteixo.org](http://www.arteixo.org)



# Arteixo / Cultura



Deputación  
DA CORUÑA



XUNTA  
DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA,  
EDUCACIÓN, FORMACIÓN  
PROFESIONAL E UNIVERSIDADES

AGADIC



Axencia Galega das  
Industrias Culturais



REDE GALEGA  
DE TEATROS  
E AUDITORIOS

